

## **A Bienal Internacional de Arte de Cerveira**

“Mirar o pasado para construír o futuro” foi o tema da XVIII Bienal de Cerveira, que se desenvolveu dende o 18 xuño ata o 19 setembro de 2015, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), para presentar cerca de cincocentas obras de catrocentos artistas de trinta e tres países. Pretendeuse, coa organización da bienal de arte máis antiga do país, identificar os saberes e tradicións da rexión, para presentar solucións de identidade contemporánea, conducentes a unha aposta polo diálogo dos artistas creadores coa historia e o coñecemento dos medios onde se inscriben xeograficamente. A Dirección Artística da Bienal estivo a cargo de Henrique Silva.

Nesta mostra, producida en colaboración entre a Sala X e a Bienal de Cerveira, preséntase unha selección de obras dunha ducia de artistas de nacionalidade española e portuguesa, como proba das diversas opcións estéticas que dominaron na última edición deste evento, e cuxa raíz cultural é moi próxima pola súa situación xeográfica.

Artistas presentados:

**LAURA ALVAREZ CONDE**  
**DIEGO BENÉITEZ**  
**PAULA BRANCO PEREIRA**  
**KAKO CASTRO MUÑIZ**  
**SALOMÉ NASCIMENTO**  
**ISABEL PADRÃO**  
**LARA PINTOS**  
**JOANA REGO**  
**ANA SOLER**  
**ALFONSO VICENTE REY**  
**ALBERTO VIEIRA**  
**ALVARO QUEIRÓS**

Os trinta e sete anos de vivencia con creadores de todas as disciplinas artísticas, deron á Bienal de Cerveira a capacidade de reflectir a evolución do pensamento e da produción contemporáneos, en especial no eido da imaxe e da comunicación, tanto no seu aspecto de vivencia a través dos novos conceptos de materiais arquitectónicos, como da

transparencia dos métodos e propostas dos creadores nas súas producións artísticas presentes nas dezoito edicións da Bienal Internacional de Arte de Cerveira.

Esta mostra pretende ser, en primeiro lugar, un testemuño da complementaridade das varias disciplinas artísticas e dos medios de expresión que as materias permiten para a concreción de proxectos conducentes a unha maior expansión do emprendemento. Nesta liña xurdiu a creación dunha Fundación e dun Museo de Arte Contemporánea na cidade portuguesa de Vila Nova de Cerveira.